

## Xacemento Capela de San Verísimo

020112

### Datos de Localización

**Necrópole**

<b>Nomenclator:</b>	3201202
<b>Coord. UTM:</b>	<b>X:</b> 603339 <b>Y:</b> 4651163
<b>Concello:</b>	Os Blancos
<b>Parroquia:</b>	BLANCOS, Os
<b>Lugar:</b>	Ouvigo
<b>Tipoloxía:</b>	Xacementos Arqueolóxicos
<b>Tipo:</b>	Necrópoles
<b>Subtipo:</b>	<b>Necrópole</b>



**Denominación:** Xacemento Capela de San Verísimo

**Etapa Histórica:** Época Romana

**Estilo relevante** Romano

**Outros Estilos:**

**Descrición:**

Este xacemento emprázase no medio do núcleo de Ouvigo, na ladeira oriental dun pequeno outeiro.

O complexo paleocristiano de Ouvigo descubríuno o Dr D. Antonio Rodríguez Colmenero no transcurso do verán de 1971 ó ser delegado, polo entón director do Museo Arqueolóxico, D. Jesús Ferro Couselo, para realizar o inventario artístico da Limia e a súa bisbarra. Notificado o achado, en 1972 efectúase a primeira escavación de urxencia, á que seguirán catro campañas máis entre os anos 1977 e 1981, que rematarán coa exhumación dunha necrópole e unha edificación de factura, segundo o seu investigador, claramente romana. Construída probablemente a finais do século IV ou comezos do V, definiuse dende o primeiro momento, coma un oratorio cristián de tipo rural, que pasaría dende a súa orixe por distintas fases constructivas e de ocupación.

A primeira realizada na segunda metade do século IV, comprende un edificio construído con materiais reaproveitados de edificacións anteriores. Presenta planta dividida en dous ámbitos -ábsida e nártex- evidenciando funcións comunitarias cristiás. Asociados a estas estruturas e a outras posteriores exhumáronse tamén nunha estatigrafía revolta e pouco clara diversos materiais: teselas, mosaicos, estucos pintados de diversas épocas e numismas de difícil catalogación, polo que resulta arriscado chegar a conclusións definitivas sobre o seu uso.

Nun segundo momento, despois das invasións xermánicas, o edificio reconstruíuse de novo respetando a planta e os muros pero invertindo a súa orientación. Segundo Colmenero, esta construción permanecerá en pé ata as invasións do século VIII. Coincidindo co afán repoboador de Afonso III, consérvase un novo pulo como o demostran a cerámica e numerosas sepulturas, unha delas cunha lápida datada no 904. Por último, coa nova época de paz, despois das invasións de Almanzor, o lugar restablecerá plenamente a súa función relixiosa. Sen moitas modificacións na súa estrutura, a pequena igrexa, xa en plena etapa románica terá unha gran actividade como o testemuñan as numerosas sepulturas desta época e diversos obxectos litúrxicos, entre os que destaca unha píxide que na actualidade atópase no Museo Arqueolóxico Provincial.

Todos os materiais pertencentes ás distintas escavacións depositáronse no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

Existen toda unha serie de referencias en distintos libros de Santa María de Cobelas referidas á esta ermida. A máis antiga aparece no libro 4.6.10, no fol.66v.,1625 "el abad repare la hermita de san Verisimo digo el choro y hacabe de poner la Reja con su cerradura y haga una ymagen del santo martir".

No libro 4.6.11. atópanse a seguintes:

Fol. 13v,1640 "por quanto su monseñor asido ynformado que en el lugar de Obigo desta feligresia esta una hermita antigua de san Berissimo la qual es muy necesaria para la administracion de los stos sacramentos y esta muy aruynada por faltarle el techo y maderaje y las paredes y puertas muy mal tratadas [...] dichos feligreses reparen dicha hermita [...] y los que huvieren abierto puertas a la parte del adrio de la dicha hermita las cierren y pongan en la forma y manera que antes estaban y cerquen dicho adrio y le tengan siempre muy limpio y aseado".

Fol. 16, 1641. Visita. "que las puertas de la hermita de san Berissimo se muden y pongan en la forma que antes estaban de manera que no entre por el sagrado ningun genero de ganado [...] y las personas que tuvieren puertas a dicha hermita las cierren".

Fol.17,1642 "que la hermita de San Breyximo sita en dicha feligresia esta descubierta mando sumerced que los dichos feligreses [...] la cubran de terrones y caben de cubrir la capilla mayor y enllegando agosto la colmen"

Fol 20 v., 1646. Visita. "que todos los que an abierto puertas de sus casas que correspondan al adrio de dicha Yglesia (Ouvigo) las tapen piedra y lodo

que reparen a dicha hermita de tellado, a capilla maior e o corpo da hermida".

Fol.27,1656 "tiene dos ermitas la una de la advocacion de san Miguel en Villar y la otra de san Verisimo de Obigo.

Fol. 68v,1679. Visita. "ay dos hermitas una de san Breyxemo y otra de san Miguel estan con decencia".

Fol.171, 1735. Visita "ay dos hermitas una de San Andres y la otra de san Berissimo".

No libro de Visitas 4.6.8. aparece no fol.109,1769. Visita. "Ay dos ermitas una de Sn Miguel y otra de sn Versimo que estan decentes".

No libro 4.6.12. Fol.16,1830. Visita. "Hay [...] una ermita dedicada a San Miguel en el lugar de Cobelas y la otra dedicada a S. Berisimo sita en el lugar de Ouvigo, las cuales se hallaron en un estado de regular decencia".

## DOCUMENTACIÓN:

-Ficha de inventario de xacementos arqueolóxicos da Xunta de Galicia. Clave de identificación: GA 32012006.

-Catálogo de yacimientos arqueolóxicos. Ministerio de Cultura.

-A.H.D.OU.

COBELAS, Sta María de Vilar.

4.6.10. Visitas (1578-1625). Fábrica (1567-1596).

4.6.11. Visitas (1634-1750). Fábrica (1628-1777)

4.6.8. Visitas (1769-1805). Primicias (1769-1800).

4.6.12. Primicias (1808-1887). Papeis soltos.

## BIBLIOGRAFÍA:

-RODRIGUEZ COLMENERO, A. "Excavaciones arqueolóxicas en Ouvigo", Blancos (Ourense). N.A.H.,24, 1985.

-VEIGA ROMERO, A. "Píxide de Ouvigo". Peza do Mes. Museo Arqueolóxico. Ourense, Setembro 2003.

## Características Construtivas

**Plantas:**

**Edif. Anexas:**

**Mat. Fachada:**

**Mat. Estrutura:**

**Mat. Cuberta:**

**Elementos singulare**

**Construtivos:**

**Decorativos:**

## Delimitación do Ben e da contorna

**Situación:** Outros

**Area de Protección:** 200 m.

## Protección

Tipo de ben: BIC

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: ----

Proposta Nivel de Protección Arq.: ----

Grao de Protección Arq.: Grupo I

Proposta Grao de Protección Arq.

Xustificación da Protección:

Titularidade

Polígono:

Parcela:

## Conservación-Intervención

Estado de Conservació Malo

Uso Actual: Xacemento arqueolóxico

**Alteracións Morfolóxicas**

Tipo: Morfolóxicas

Data:

Descrición: Gravemente alterado debido a construcións varias.

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

## Bens Mobles

Nome	Subtipo	Localizacion
Píxide de Ouvigo	Copón	Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, !













